



Xuño
2013

GALICIA EN ISRAEL, SEGUNDA EDICIÓN SECTOR SAÚDE, TECNOLOXIAS E EQUIPAMENTOS | MEDinISRAEL 2013

2ª Conferencia internacional de tecnoloxías da saúde e equipamentos médicos
As máis brillantes e innovadoras solucións e prácticas da escena das ciencias da vida.

do 10 ao 14 de xuño
www.export.gov.il

No ámbito da súa acción de promoción e cooperación, a Cámara de Comercio e Industria España-Israel en Galicia e o IGAPE organizan unha acción de internacionalización en Israel entre os días 10 e 14 de xuño. A misión está dirixida ao sector SAÚDE, TECNOLOXIAS E EQUIPAMENTOS, promovendo unha activa participación de representantes de empresas e institucións galegas en MEDinISRAEL 2013 - principal evento do sector en Israel e un dos máis importantes do mundo-.



Datos importantes:
Viaxe: 10 a 14 de xuño
Feira MEDinISRAEL: 10 a 13 xuño
Prazo de inscrición: 10 de maio

Israel, unha potencia mundial en dispositivos médicos

“...inventa e desenvolve dispositivos médicos do máis alto nivel”

Israel invirte o 4,7% do seu PIB en investigación e desenvolvemento, o índice máis alto do mundo.

IMD World Competitiveness Yearbook 2007

Israel goza de gran prestixio como innovador na medicina, é unha potencia mundial no desenvolvemento de dispositivos médicos. Coñecido en todo o mundo polos seus avances e aplicacións na medicina en xeral, preto do 56 por cento da industria local de ciencias dedícase ao desenvolvemento de equipos médicos.

Na escena de equipamentos médicos e tecnoloxías da saúde, científicos e enxeñeiros israelíes integraron coñecementos e tecnoloxías avanzadas en electrónica, comunicación e electro-óptica para desenvolver innovacións de nivel mundial en imaxe dixital, laser médico, telemedicina, equipamento de diagnóstico e equipamento quirúrxico.

Preto do 40% das empresas israelíes de ciencias da vida, foron creadas durante os últimos seis anos, mentras que entre 70 e 80 compañías nacen cada ano; máis de 1000 empresas activas durante o 2012 nunha gran variedade de especialidades médicas – cardiovascular, neuroloxía, enfermidades dexenerativas, medicina de emerxencia, cuidados intensivos, rehabilitación, xestión respiratoria, oncoloxía, ortopedia e medicina do deporte, oftamología, control de infeccións, dermatología, odontología, etc. –

A combinación da academia, a industria e os hospitais é o secreto para o desenvolvemento neste campo.



¿Por qué MEDinISRAEL?

As mentes máis brillantes da industria reúnen en xuño baixo un mesmo teito para compartir coñecementos, tecnoloxías e previsións para un futuro máis eficiente da asistencia médica; Clínicas, unidades de emerxencia e hospitais.

Representantes de máis de 50 países presentarán brillantes e innovadoras solucións e prácticas na escena das ciencias da vida. Os principais expertos do sector, así como tomadores de decisións, importantes líderes rexionais e nacionais, presentarán novas metodoloxías, tendencias, desafíos e oportunidades levando a medicina actual hacia diante.



- Smart Hospital para coidado de pacientes hospitalizados.
- Equipamento de diagnóstico e monitoreo para coidado ambulatorio e en domicilio.
- Tecnoloxías da información para asistencia médica e telemedicina.
- Equipamentos de investigación, laboratorios Research Equipment, Laboratories, diagnóstico in vitro e Point of Care (POC).
- Hospital intelixente (infraestructura hospitalaria eficiente)
- Previsión de emerxencias (plan de emerxencias).

¿Quién debe asistir?

- Importadores e distribuidores de equipamento médico.
- Provedores e integradores de tecnoloxías da información para asistencia médica.
- Directores de hospitais (públicos e privados; tomadores de decisións e encargados de compra).
- Encargados de desenvolvemento de negocio do canal farmacias.
- Representantes do sector Administración de servizos da saúde (HMO).
- Investidores e fondos de capital risco.
- Fabricantes de equipamento.

Conferencia Internacional

Exposición Unha mostra profesional terá lugar ao mesmo tempo que a Conferencia.

Encontros B2B networking e reunións A oportunidade de dar forma a súa colaboración futura cos líderes expertos e tomadores de decisión da industria. Posibilidade de reunirse con centos de empresas do sector nun mesmo espazo, todos buscando xerar alianzas, investidores e servizos profesionais para promover as súas empresas.

* Programa particular e a medida de cada participante.

* Programa complementario de visita aos principais centros de referencia do sector en Israel e reunións con institucións locais para reforzar a cooperación e a colaboración.

Custe por participante

€ 1790,00 (IVA non incluído)



- Pasaxes aéreas Galicia / Tel Aviv (seguro incluído).
- Estancia en Hotel 4 * Tel Aviv / 4 noites.
- Traslado aeroporto / hotel
- Participación en MEDinISRAEL 2013; Conferencia e exposición.
- Axenda de reunións con potenciais contactos.
- Axenda á medida externa á feira.

PROGRAMA

Día 1 - 10 de xuño

- Saída de España.
- Chegada a Tel-Aviv, Israel.
- Rexistro no Hotel.
- Recepción e Benvida.
Información xeral.

Día 2 -11 de xuño

MEDinISRAEL 2013 – Exposición tecnolóxica e Conferencia internacional

- Participación nas conferencias.
- Visita exposición.
- Reunións; Axenda á medida.

Día 3 - 12 de xuño

MEDinISRAEL 2013 – Exposición tecnolóxica e Conferencia internacional

- Participación nas conferencias.
- Visita exposición.
- Reunións; Axenda á medida.

Día 4 - 13 de xuño

MEDinISRAEL 2013 – Exposición tecnolóxica e Conferencia internacional

- Demostración en vivo e in situ, das principais infraestruturas hospitalarias ou instalacións de fabricación do país (selección do que mellor se adapte ao seu interese).
- Reunións; Axenda á medida.

Programa complementario (opcional)

visita aos principais centros de referencia do sector en Israel e reunións con institucións locais para reforzar a cooperación e colaboración.

Día 5 - 14 de xuño

- Regreso a España.

INSCRIPCIONS

gestion@bilav-gt.com

Tel. (34) 986 071 442 / (34) 675 521 122

www.bilav-gt.com

CONDICIONS DE PARTICIPACIÓN

1 - Requisitos de participación

- Participación de empresas galegas.
- Presentar a solicitude (ficha de inscrición) debidamente cuberta antes do 10 de maio de 2013 a gestion@bilav-gt.com
- Presentar copia do Pasaporte (alomenos 9 meses de vixencia).
- A inscrición será confirmada unha vez recibido o comprobante de pago.
- As empresas participantes serán seleccionadas por orde de chegada das inscricións.
- A Cámara e o Igape reservanse o dereito de rechazar calquera solicitude de participación por incumprimento das condicións e prazos.

2 - Desenvolvemento

- As empresas participantes deberán:
- Colaborar coa empresa organizadora do evento proporcionando a información solicitada.
- Participar nas reunións e eventos programados pola organización
- Seguir as directrices establecidas pola organización, relacionadas coa loxística da acción

3 – Pago

- Pago do custe total unha vez enviado o formulario de inscrición.
- Os pagos deberán ser efectuados por transferencia bancaria (a información facilitarase xunto ao formulario de inscrición)
- As facturas correspondentes serán emitidas e enviadas pola empresa Bilav GT, SL
- En caso de cancelación por parte da empresa, si a baixa é nos 15 días anteriores á realización da acción, non se reembolsará a aportación.